



Universidade de Vigo

*Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas  
Universidade de Vigo*

*Rúa Maxwell – Campus Universitario - 36310 VIGO (Pontevedra)  
Tfno. 986-812205; Fax: 986-811924*



***Acta da Comisión Permanente do día  
11 de outubro de 2007***

Anexos:

- I. Convocatoria da Comisión Permanente do 11/10/2007.
- II. Asistentes á Comisión Permanente do 11/10/2007.
- III. Títulos e tribunais de proxectos fin de carreira aprobados por esta Comisión Permanente.
- IV. Documentación dos cursos/actividades dos que se solicita validación por créditos de libre elección.
- V. Memoria de actividades Santa Bárbara 2007.

Ábrese a sesión o 11 de outubro de 2007 ás 9 horas e 40 minutos, na Sala de Xuntas situada no módulo de Dirección do novo edificio da E.T.S.E. de Minas presidida polo Director, actúa como Secretaria Natalia Caparrini Marín, e se tratan os seguintes puntos:

**1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: 20 de xullo de 2007.**

A Comisión aproba por asentimento a acta da sesión ordinaria do 20 de xullo de 2007.

**2. Aprobación, se procede, da validación/adaptación de materias.**

O non haber solicitudes se pasa ó seguinte punto da orde do día.

**3. Aprobación, se procede, de títulos e tribunais de proxectos fin de carreira.**

A Comisión acorda aproba-los títulos e tribunais de proxectos fin de carreira que se relacionan no anexo III desta acta.

**4. Concesión se procede de 7ª convocatoria ós alumnos que a solicitaron.**

O non haber solicitudes se pasa ó seguinte punto da orde do día.

**5. Validación, se procede, de cursos/actividades por créditos de libre elección.**

A Comisión acorda desestimar a solicitude de validación do CURSO SOBRE ENERXÍA SOLAR, celebrado entre o 25 e 27 de outubro de 2006 por ter unha duración (10 horas)



**Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas  
Universidade de Vigo**

Rúa Maxwell – Campus Universitario - 36310 VIGO (Pontevedra)  
Tfno. 986-812205; Fax: 986-811924



Universidade de Vigo

inferior á mínima exisida por esta Comisión e establecida, para os cursos de formación, en 15 horas.

A Comisión acorda validar, por estudos alleos, as seguintes actividades como créditos de libre elección:

<b>CURSOS / ACTIVIDADES</b>	<b>DATA DE CELEBRACIÓN / DURACIÓN</b>	<b>CRÉDITOS</b>
MASTER DISEÑO MECÁNICO CATIA V5	Xuño - xullo de 2006 / 92 horas	6
CURSO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS	Outubro – decembro de 2002 / 50 horas	3
PLANOS E PROXECTOS. AUTOCAD	Setembro de 2006 / 96 horas	6
III CICLO DE CONFERENCIAS SOBRE TECNOLOXÍAS E SOLUCIÓN PARA A AUTOMATIZACIÓN INDUSTRIAL	26 – 30 de novembro 2007 / máis de 30 horas	2

En relación ás solicitudes de validación presentadas polos alumnos , nas que solicitan a validación de créditos de libre elección por traballos académicamente dirixidos, e realizados na área de Enxeñaría Cartográfica en colaboración co Concello de Mos, esta Comisión acorda desestimar as dúas solicitudes xa que dita posibilidade de validación figura expresamente denegada no plano de estudos da titulación de Enxeñaría de Minas (B.O.E. do 28 de decembro de 1992 e B.O.E. do 24 de marzo de 1994).

**6. Admisión a trámite, se procede, de solicitudes de avaliación curricular, e nomeamento das Comisións de Avaliación.**

Vista a solicitude presentada por Don e o informe remitido polo profesor da materia "Termodinámica", da área de "Máquinas e motores térmicos", esta Comisión acorda admitir a trámite dita solicitude de avaliación curricular.

Así mesmo, a Comisión acorda nomear á Comisión de Avaliación Curricular, que estaría constituída polos seguintes membros:

<b>ÁREA</b>	<b>NOMBRE</b>
Titular: 280 Estratigrafía Suplente: 545 Ingeniería mecánica	Titular: M <sup>a</sup> Soledad García Gil Suplente: Gerardo Peláez Lourido
Titular: 650 Organización de empresas Suplente: 265 Estadística	Titular: José Manuel García Vázquez Suplente: Ángeles Saavedra González
Titular: 535 Enxeñaría eléctrica Suplente: 710 Prospec. E investigación mineira	Titular: Andrés Elías Feijoo Lorenzo Suplente: Enrique Orche García
Titular: 720 Proxectos na enxeñaría Suplente: 295 Explotación de minas	Titular: M <sup>a</sup> Jesús Puzas da Costa Suplente: Fernando García Bastante



Universidade de Vigo

**Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas  
Universidade de Vigo**

Rúa Maxwell – Campus Universitario - 36310 VIGO (Pontevedra)  
Tfno. 986-812205; Fax: 986-811924



Titular: Área afectada	Titular: Nomeado pola área afectada
Suplente: Área afectada	Suplente: Nomeado pola área afectada
Alumno titular: Diego Rodríguez Abreu	
Alumno suplente: Manuel Fontela Abuín	

**7. Aprobación, se procede, de solicitude de actividades extraacadémicas presentada pola Delegación de Alumnos ante a Vicerreitoría de Extensión Cultural e Estudiantes.**

A Delegación de alumnos presenta unha memoria de actividades para a celebración de Santa Bárbara (achégase como anexo V), requisito indispensable para solicitar axuda ao Vicerreitorado.

A Comisión Permanente acorda, por asentimento, apoiar estas actividades.

**8. Rolda aberta de intervencións.**

Laura López pregunta polas cortinas dos laboratorios. Se lle resposta que estamos á espera de que as instalen, e se suxire a posibilidade de colocar papel nas aulas informáticas.

Sen mais asuntos que tratar, levántase a sesión ás 10 horas e 20 minutos do día de hoxe, do que como secretario dou fe en Vigo, once de outubro de dous mil sete.

Vº e prace  
O Presidente

Pedro Arias Sánchez

A Secretaria  
(Por suplencia)

Natalia Caparrini Marín



Universidade de Vigo

***Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas  
Universidade de Vigo***

*Rúa Maxwell – Campus Universitario - 36310 VIGO (Pontevedra)  
Tfno. 986-812205; Fax: 986-811924*



**ANEXO I**

**Convocatoria da Comisión Permanente do 11/10/07**



Universidade de Vigo

***Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas  
Universidade de Vigo***

*Rúa Maxwell – Campus Universitario - 36310 VIGO (Pontevedra)  
Tfno. 986-812205; Fax: 986-811924*



**ANEXO II**

**Asistentes á Comisión Permanente do 11/10/07**



Universidade de Vigo

**Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas  
Universidade de Vigo**

Rúa Maxwell – Campus Universitario - 36310 VIGO (Pontevedra)  
Tfno. 986-812205; Fax: 986-811924



<b>Asistentes á Comisión Permanente do 11 de outubro de 2007</b>
<b>Presidente da Comisión</b>
Pedro Arias Sánchez
<b>Secretario (por suplencia)</b>
Benito Vázquez Dorrío
<b>Subdirectora</b>
Natalia Caparrini Marín
<b>Profesorado</b>
Marta María Cabeza Simó
<b>Alumnos</b>
Laura López Paz
David Fernández Rodríguez
<b>PAS</b>
M <sup>a</sup> Carmen Romo Pérez



Universidade de Vigo

*Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas  
Universidade de Vigo*

*Rúa Maxwell – Campus Universitario - 36310 VIGO (Pontevedra)  
Tfno. 986-812205; Fax: 986-811924*



---

**ANEXO III**

**Títulos e tribunais de proxectos fin de carreira aprobados por esta  
Comisión Permanente**



Universidade de Vigo

***Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas  
Universidade de Vigo***

*Rúa Maxwell – Campus Universitario - 36310 VIGO (Pontevedra)  
Tfno. 986-812205; Fax: 986-811924*



**ANEXO IV**

**Documentación dos cursos/actividades dos que se solicita  
validación por créditos de libre elección**





Universidade de Vigo

***Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas  
Universidade de Vigo***

*Rúa Maxwell – Campus Universitario - 36310 VIGO (Pontevedra)  
Tfno. 986-812205; Fax: 986-811924*



---

**ANEXO V**

**Memoria de actividades Santa Bárbara 2007**



Universidade de Vigo

*Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas  
Universidade de Vigo*

*Rúa Maxwell – Campus Universitario - 36310 VIGO (Pontevedra)  
Tfno. 986-812205; Fax: 986-811924*



***Informe de actividades***

***Santa Bárbara 2007***



Universidade de Vigo

*Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas  
Universidade de Vigo*

*Rúa Maxwell – Campus Universitario - 36310 VIGO (Pontevedra)  
Tfno. 986-812205; Fax: 986-811924*



**Universidade de Vigo**

## **1. Introducción:**

### **SANTA BÁRBARA, UNHA PATRONA EXPLOSIVA**

Santa Bárbara é a patrona da E.T.S.I. de Minas. Cada ano os alumnos da Escola de Minas reunímonos para celebrar esta festividade e para elo sempre contamos coa colaboración da Dirección do Centro, Rectorado, profesorado e P.A.S., xunto coa axuda de outras escolas e empresas.

Neste ano 2007, a celebración da nosa patrona toma un carácter máis especial se cabe, pola coincidencia co 15º aniversario da titulación de Enxeñaría de Minas en Vigo



Universidade de Vigo

*Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas  
Universidade de Vigo*

*Rúa Maxwell – Campus Universitario - 36310 VIGO (Pontevedra)  
Tfno. 986-812205; Fax: 986-811924*



## **2. Plan de Actividades:**

### **PROPOSTAS PARA A FESTA DE SANTA BÁRBARA 2007**

A continuación pasamos a describir as actividades que pretendemos levar a cabo :

- **Actividades Deportivas:**

Dende a comisión organizadora de Santa Bárbara 2007 considérase que o deporte permite o bo entendemento entre o corpo e a mente e ademáis potencia as relacións humanas, reforzando o compañeirismo e o traballo en grupo, así como reforzando o propio espírito de superación.

Por todo elo, realizaremos unha serie de actividades deportivas para a celebración de Santa Bárbara, entre as cales se encadran:

- Torneo triangular de fútbol sala masculino de confraternización entre profesores, alumnos e alumnos egresados.
- Torneo triangular de fútbol sala feminino de confraternización entre profesoras, alumnas e alumnas egresadas.
- Torneo de tenis de mesa

Estas actividades están sendo coordinadas pola Delegacion de Alumnos da E.T.S.I.M. e a Asociación Deportiva CARTEL de Minas.

- **Torneos de Recreo e Ocio**

Toda festa patronal da Univesidade sempre leva asociado torneos de cartas. Levaráanse a cabo ó longo dunha semana os torneos de cartas.

Ademáis como novidade realizarase un campeonato do videoxogo de temática deportiva PRO- Evolution Soccer.



Universidade de Vigo

***Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas  
Universidade de Vigo***

*Rúa Maxwell – Campus Universitario - 36310 VIGO (Pontevedra)  
Tfno. 986-812205; Fax: 986-811924*



- **Actos culturais**

**Santa Bárbara 2007 pretende fomentar todos aqueles actos culturais que se desenrolaron ao longo de anos anteriores e que gozan dun prestixio dentro da nosa Escola:**

- **Realización de conferencias e coloquios informativos.**
- **Exposición de minerais e diferentes actividades realizadas pola Sociedade Mineralóxica Galega.**
- **Exhibición pirotécnica (a cargo de profesionais).**

**Como recordo da festa Santa Bárbara 2007 , ao longo do mes de novembro venderáanse camisetas e/ou polos.**



Universidade de Vigo

*Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas  
Universidade de Vigo*

*Rúa Maxwell – Campus Universitario - 36310 VIGO (Pontevedra)  
Tfno. 986-812205; Fax: 986-811924*



---

### **3. Conclusións**

No presente informe expuséronse as actividades que se levarán a cabo con motivo da festividade de Santa Bárbara 2007.

Este ano a organización e posterior realización da maior parte das actividades estará coordinada entre a Delegación de Alumnos e a Asociación Deportiva CARTEL de Minas .

Para nós implica unha seria responsabilidade levala a cabo pois constitúe unha celebración que este ano escapa das tradicionais festas multitudinarias entre alumnos, para centrarse no aspecto máis cultural e enriquecedor que fomente o compañerismo e a limpa diversión.

Sen máis, a Delegación de Alumnos espera que tódalas actividades previstas sexan do agrado de todos e desexa unha feliz festividade de Santa Bárbara 2007.